
AUDITORIO DE GALICIA

CONCERTOS
DE ABONO

REAL
FILHARMÓNIA
DE GALICIA

2017 → 2018

VENRES 20
ABRIL 2018
20.30 h
Auditorio de Galicia

PAUL DANIEL Director

Sala Mozart
19.45 h

Convers@ndo con
PAUL DANIEL Director

PROGRAMA

I

ANTÓN ALCALDE (1992)
...that pale blue dot, op. 22
(estrea absoluta. Obra encargo RFG)

GUSTAV HOLST (1874-1934)
Os Planetas

Mercurio, a mensaxe alada
Venus, o portador da paz
Marte, o portador da guerra
Xúpiter, o portador da alegría
Saturno, o portador da vellez
Urano, o mago
Neptuno, o místico

Coro feminino Gaos

II

JACOBO GASPAR (1975)
Vía Láctea. Haiku espiral
(estrea absoluta. Obra encargo RFG)

JOHN WILLIAMS (1932)
Suite de A Guerra das Galaxias

Tema
Tema da princesa Leia
Marcha Imperial
Tema de Yoda
Sala de trono e títulos

Duración aproximada do concerto: 1 hora e 45 minutos

Pregámoslle ao público que non faga fotografías e que desconecte os teléfonos móbiles, reloxos, etc

REAL FILHARMÓNIA DE GALICIA

Director artístico titular

Paul Daniel

Principal director invitado

Jonathan Webb

Director asociado

Maximino Zumalave

Cincuenta músicos de diferentes nacionalidades achegan cada temporada a súa experiencia, formación, tradición musical, esforzo e ilusión para ofrecelle ao público propostas sorprendentes. Coa orquestra colaboran de maneira habitual directores e solistas de recoñecido prestixio nacional e internacional, apostando por figuras consagradas e tamén por novos músicos que brillan no panorama musical. O seu director titular e artístico é o mestre Paul Daniel, Maximino Zumalave é o seu director asociado e Jonathan Webb o principal director convidado. Xestionada polo Consorcio de Santiago, nace en 1996 promovida pola Xunta de Galicia e ten a súa sede permanente no Auditorio de Galicia.

VIOLÍNS I

James Dahlgren (concertino)
Adriana Winkler (axuda de concertino)
Anca Smeu **
Michal Ryzcel
Ilya Fisher
Magdalena Gacek ***
Claudio Guridi
Héctor Robles **
Yulia Petrushevskaya
Anna Alexandrova
Victoria Jurov
Nazaret Canosa (R)

VIOLÍNS II

Grigori Nedobora *
Nikolay Velikov **
Enrique Roca
Irina Gruia
Kiyoko Ohashi
Theologos Kouvatiss ***
Elina Viksne
Irene Romero ***
Gyula Vadaszi
Samira Ajkic

VIOLAS

Tilmann Kircher *
Natalia Madison **
Timur Sadykov
Iriana Fernández
Ionela Ciobotaru
Nuria Honrubia ***
Carolina Uriz ***
Anne Schlossmacher
Oxana Bakulina

VIOLONCELLOS

Plamen Velev *
Barbara Switalska **
Millán Abeledo
Iratxe Paredes ***
Carlos García
Jorge Merchán ***
Thomas Piel
Alejandra Díaz (R)

CONTRABAIXOS

Carlos Méndez *
Alfonso Morán **
Oriol Xicart
Miguel A. Luzárraga ***

FRAUTAS

Laurent Blaitiau *
Luis Soto **
Beatriz Gallardo ***

ÓBOES

Christina Dominik *
Esther Viúdez **
Cecilia Castro ***

CLARINETES

Beatriz López *
Germán Martínez ***
Vicente López **

FAGOTES

Juan Carlos Otero *
Manuel Veiga **
Mario Vercher ***

TROMPAS

Jordi Ortega *
Alfredo Varela *
Xavier Ramón **
Adrián Lavía ***
Simon Lewis (R)

TROMPETAS

Javier Simó *
Ramón Llátser **
Francisco Tomás ***

TROMBÓNS

Esteban Méndez (R)
Iago Ríos (R)
Marcos Dorado (R)

TUBA

José Manuel Redondo (R)

TIMBAL

José Vicente Faus *

PERCUSIÓN

Marta Rodríguez ***
Pablo Salgueiro (R)
Juan Martín (R)

ARPAS

Bleuenn Lefric (R)
Alba Barreiro (R)

CELESTA/PIANO

Simona Kantocheva (R)

PAUL DANIEL

Director

É o director titular e artístico da RFG dende 2013 e tamén se encarga da dirección musical da Orquestra Nacional de Burdeos. Entre 2009 e 2013 foi o principal director e conselleiro artístico da West Australian Symphony Orchestra de Perth e foi director musical da English National Opera e da Ópera de North, ademais de principal director da Opera Factory. Foi director invitado das máis destacadas orquestras e compañías de ópera por todo o mundo. Dirixiu no Royal Opera House Covent Garden, en La Monnaie en Bruxelas, na Ópera Estatal de Baviera en Múnic ou no Metropolitan Opera de Nova York.

Recentes e futuros compromisos operísticos inclúen *Lucrecia Borgia* e *As vodas de Fígaro* coa English National Opera, *Gloriana* no Covent Garden, *Lulú* en La Monnaie, un dobre cartel con *L'Enfant et les Sortilleges* e *Der Zwerg* coa Ópera Nacional de París; *Os troianos* coa Ópera de Berlín; ou *A Village Romeo and Juliet* coa Ópera de Frankfurt. Ademais dos seus concertos coa West Australian Symphony Orchestra e a Real Filharmonía de Galicia, dirixirá a Filharmónica da BBC, Orquestra Nacional de Burdeos, Royal Philharmonic, Sinfónica de Hamburgo, Orquestra da Radio de Múnic, Tapiola Sinfonietta, Australian National Academy of Music, National Youth Orchestra e participará no Festival de Bregenz (Austria).

Entre as súas numerosas gravacións destaca o éxito alcanzado polo CD coa *Sinfonía núm. 3* de Elgar e o DVD da gravación de *Lulú* en La Monnaie coa soprano Barbara Hannigan. Coa Orquestra Nacional de Burdeos gravou obras de Wagner, Mahler e Chaikovski. En 1998 recibiu un Premio Olivier pola súa dedicación á ópera e nos New Year's Honours de 2000 foi condecorado coa Cruz do Imperio Británico.

CORO FEMININO GAOS

O Coro Gaos nace en outubro de 2010 como continuación do proxecto da Orquesta Gaos. Está constituído por 50 voces cunha ampla experiencia en diferentes coros da comunidade. A súa actividade repártese entre o repertorio *a capella* e a música sinfónico-coral, cun especial énfase na ópera. Dende a súa creación colabora cos Amigos da Ópera da Coruña en producións como *Falstaff*, *Madame Butterfly*, *O barbeiro de Sevilla*, *O trovador*, *Lucía de Lammermoor*, *O elixir de amor...*; con importantes batutas, directores de escena e cantantes, entre os que destacan Alberto Zedda, Gómez Martínez, Ramón Tébar ou Keri-Lynn Wilson, Gustavo Tambascio, Mario Pontiggia, Celso Albelo, Bryn Terfel, Ainhoa Arteta, Gregory Kunde, Juan Jesús Rodríguez ou Marianne Cornetti.

Na súa actividade sinfónico-coral cómpre salientar a súa participación no I e II Ciclo de Catedrais (2011 e 2012), cantando a *Misa de Réquiem* de Mozart e a *Misa de Gloria* de Puccini xunto á Orquesta Gaos con motivo da celebración do 800 aniversario da Catedral de Santiago de Compostela. En 2014 celébrase o V aniversario da Orquesta Gaos coa interpretación da *Novena Sinfonía* de Beethoven e a realización dunha xira por Cataluña, participando no 49º Festival Internacional de Canto Coral de Barcelona no Palau de la Música Català, xunto a concertos na Sagrada Família, na Basílica do Pi ou no Monasterio de San Cugat. En marzo de 2018 realiza a súa primeira xira por terras portuguesas, na que sobresa a súa actuación no Festival de Música Religiosa de Guimaraës.

Obtén o Primeiro Premio no XIII Concurso Nacional de Corales Antonio José celebrado en Burgos (2014), o Segundo Premio no XXXII Certamen Coral

Internacional Vila de Avilés (2015), o Segundo Premio no XLV Certamen Coral de Ejea de los Caballeros (2016), o Premio do Público no 63º Certamen Internacional de Polifonía e Habaneras (Torrevieja) e o Segundo Premio no Gran Premio Nacional de Canto Coral de Villanueva de la Serena (2017).

En setembro de 2015 pon en marcha un novo proxecto: Os Minigaos, dous coros infantís cos que inculcar dende a base a paixón pola música e o canto coral, e que contan xa con 55 nenas e nenos.

John Williams (Nova York, 1932)

A Guerra das Galaxias

A historia do cinema non podería explicarse sen John Williams, lenda viva da música norteamericana e para moitos un dos mellores compositores estadounidenses de todos os tempos á altura de Copland e Bernstein. Os seus cinco premios Oscar con 51 nominacións, 7 premios BAFTA, 23 Grammy (67 nominacións), 4 Globos de Oro (25 nominacións) e 3 premios Emmy (6 nominacións) entre outros moitos, retratan un dos compositores de cinema máis laureados e produtivos de todos os tempos. *O apartamento*, *Matar a un rei* ou *Como roubar a un millonario* son algúns dos seus traballos máis clásicos, pero o éxito chegou coa adaptación, en 1971, de *O violinista sobre o tellado*. De seu é o universo sonoro de *Supermán*, *ET*, *Jurassic Park*, *A lista de Schindler* ou *Salvar ao soldado Ryan* sen esquecer *Indiana Jones* e as tres primeiras entregas de *Harry Potter*. Pero foi a súa amizade e afinidade creativa con Steven Spielberg e George Lucas as que lle permitiron establecer unha exitosa relación cinematográfica que lle supuxo o seu primeiro Oscar pola BSO de *Tiburón* (1975) ou a colaboración con George Lucas na triloxía orixinal d'*A Guerra das Galaxias*, que lle deu en 1977 o seu segundo Oscar. Williams representa a evolución no son do Hollywood clásico, xunto co bo gusto e a predilección pola forma sinfónica. O seu estilo, herdeiro do gran sinfonismo tardorromántico e cuxa instrumentación bebe directamente de compositores como Chaikovski ou Wagner, ten creado unha franquía sonora intimamente ligada ao cine épico, de acción, bélico, de aventuras ou de ciencia-ficción. Williams crea tapices sonoros similares aos de Wagner, aproveita elementos clásicos da súa obra e del tamén toma o *leitmotiv*, un concepto referente na música de cinema pois relaciona melodías de rápida identificación con personaxes ou

lugares concretos para situar o espectador dentro da trama. Ademais, estes temas de evidente vocación melódica, adoitan estar sometidos polo compositor a diferentes variacións e desenvolvementos, outorgando así maior relevancia a certas melodías que aparecen máis veces e á riqueza das transformacións que experimentan.

A orquestración d'*A Guerra das Galaxias* é monumental, non só na película que leva o título senón en toda a serie pero non é a única influencia que exerce Wagner sobre Williams. Antes incluso da concepción musical xa existe unha conexión: a historia completa da saga cinematográfica é unha epopea que garda analoxías recoñecidas coa tetraloxía d'*O Anel do Nibelungo* wagneriano. Considerado en termos harmónicos, o *leitmotiv* identificado con Sigfrido na tetraloxía estruturaríase en cinco partes e estaría ordenado nunha liña melódica ascendente; aspectos que aparecen tamén no motivo de Luke Skywalker de Williams. Así mesmo, o paso cerimonioso e pomposo nótase en ambos compositores, aínda que o americano reduce no seu motivo a complexidade harmónica e dinámica. Outros significativos *leitmotivs* son a inmortal fanfarra de abertura como tema principal, o tema da forza e o da princesa que representan na partitura o trío protagonista (Luke, Obi Wan e Leia; Han Solo adquire notoriedade en posteriores entregas). Sobre o tema de Luke o propio Williams dixo "*...Síntome moi ligado á música de Korngold [...]. Cando George Lucas pedíume que escribira un tema para Luke que fose a un tempo heroico de esencia idealista, e presentado en forma de fanfarria, asociéi na miña mente o heroísmo de Korngold, o idealismo de Holst e as fanfarras de Elgar*". Con temas destes personaxes principais escoitase antes ou despois o tema do exército imperial ou o dos Jawas, así como outros temas asociados a lugares

máis que a personaxes, como nos temas que soan durante a escena na *Cantina de Mos Eisley*. Respecto á mestría do discurso harmónico de Williams, semellante ao de Wagner, pódese dicir que domina a modulación e o contrapunto como poucos autores o fan. Un bo desenvolvemento harmónico é fundamental para crear pontes musicais entre os distintos motivos para que o ir e vir de melodías, requiridas pola acción en pantalla, teñan un sentido musical coherente como no caso dos títulos finais da triloxía clásica, con mención especial os d' *O Imperio Contraataca*. E desde logo, antes de comentar a influencia que Holst tivo nesta partitura, non se pode esquecer o parecido que existe entre os primeiros compases da *Marcha nupcial d'O soño dunha noite de verán* de Mendelssohn e o inicio do tema d' *O salón do trono e Títulos finais n' A Guerra das Galaxias*.

Gustav Holst (Cheltenham, 1874 - Londres, 1934)
Os Planetas, op. 32

Como dicíamos, as bandas sonoras orixinais forman parte indiscutible do presente musical, filmes e videoxogos son inconcibibles sen un fondo musical para calquera acción. Un compositor adiantouse a todos os anteriores nunha época na que o concepto de banda sonora non era nin unha idea. Ese precursor foi Gustav Holst que, durante a Primeira Guerra Mundial, nunha viaxe a España é introducido por un amigo na astronomía e a astroloxía, como ramas de coñecemento dos astros, as súas posicións e a relación cos feitos na vida das persoas. O compositor, por tanto, non se inspira na imaxe dos planetas para describir as súas perceptibles características ou os fenómenos que neles suceden senón para expresar en que modo cada un deles inflúe nas persoas, mostrándoos como prototipos de características

humanas e estados espirituais e por iso, recalcou que non se trataba de música programática dicindo “*Non hai nada en ningún dos planetas (os meus planetas, quero dicir) que poida ser expresado en palabras*”. Holst utiliza esta conceptualización astrolóxica para crear mundos sonoros de gran fantasía e imaxinación en cada unha das pezas desta suite para unha grande orquestra que require gran cantidade de instrumentos auxiliares, variedade de instrumentos de percusión e no último movemento, un coro feminino situado tras bambalinas para conseguir un efecto de afastamento. Musicalmente a peza está enmarcada nas tendencias da primeira metade do século XX, con vinculacións directas a Debussy, Schoenberg, Stravinski e, indo máis aló, a Wagner, Elgar, Mussorgski e Dukas. *Os Planetas*, é unha peza de verdadeiro desbordamento de mestría de Holst no manexo da cor orquestral que ofrece numerosos momentos poderosos e evocativos, entre os que merecen especial atención o imponente impulso guerreiro de *Marte*, o movemento con agresivos ecos de Stravinski; a compacta e decisiva brillantez de *Júpiter*, cheo de forza e de contaxiosa enerxía e a conclusión da obra, na que o misticismo de *Neptuno* aparece baixo a aura dun movemento que, paradoxalmente, carece case por completo de movemento e que, cara ao remate, introduce con sutileza o citado coro vocalizando elusivas harmonías sen texto, nun final que parecera infinito. Desde a súa estrea en 1918 a obra foi posicionándose no repertorio orquestral internacional chegando a súa influencia ao mundo do cinema, como no caso da saga d'*A Guerra das Galaxias*, cuxa música reflicte esa marcada influencia ao punto de chegar en ocasións á cita musical case exacta e prolongada. Se alguén se pregunta se John Williams plaxiou descaradamente a Gustav Holst, a resposta é non, pero si parece certo que *Marte*, o portador da guerra

serve de clara inspiración ao corte denominado *Ataque Imperial* do autor americano; en ambos casos o tema a describir é a guerra e Marte era o deus clásico que a representaba. Para iso Holst utiliza ao inicio os timbais marcando o ritmo, con son grave, combinando tríos, negras e corcheas. Williams tamén comeza coa percusión, imitando a Holst no ritmo desta. De ritmo expresivo *Venus, o mensaxeiro da paz* é o segundo tema da suite *Os Planetas*, e para asociar á deusa do amor, Venus, o tema é cálido e asoma cun so de trompa, que enlaza catro notas e decontado aparecen acordes con frautas e óboes. John Williams precede esas catro notas cunha máis ao principio da melodía, na peza *Tema da Princesa Leia*; a orquestración de ambas é moi similar. O capítulo musical dedicado a *Saturno, o mensaxeiro da vellez*, con eses tempos lentos e ese fondo oscilante e dubitativo que o caracterizan seméllase a *O deserto e a poxa de robots* nas notas iniciais para diferenciarse no ritmo; Holst utiliza un *adagio* para provocar a imaxe de movementos lentos, calmos, en cambio, o ritmo de Williams é moito máis rápido, lixeiro.

Antón Alcalde (Rianxo, A Coruña, 1992)
... that pale blue dot (op. 22)

Estudou e asistiu a clases maxistras con percusionistas de gran prestixio como D. Riveiro, R. Perez, T. Risco, R. Oliveira, C. Peris, P. Varea, N. Zeltsman, N. Woud, T. Guttmann, L. Ferrándiz, A. N'Dianye, R. Kuonen, J. Putsjens, B. Bacanu, J. Guillem, J. Vicent e D. Ventoso entre outros. *Cursou Scoring for motion pictures & videogames* con compositores internacionais, entre eles M. Giacchino (*Up, Jurassic World e o Dawn of the Planets of Apes*), P. Doyle (*Thor, Frankenstein e Harry Potter IV*), H. Zimmer (*Gladiator, Inception e Interstellar*), W.

Hokoyama (*Afrika*) e o crítico C. Xalabarder (*The Music Script in Film*). Tamén estudou cos mestres Alfredo Susavila e Andrés Valero-Castells. Con 11 anos, estrea e dirixe a súa primeira obra de cámara *Pictures*, interpretada por un ensemble de percusión formado por algún dos seus mestres. En 2015 estrea *Concertino para timbais*, interpretado por estudantes do Conservatorio de Amsterdam. Aos 15 anos, gaña o primeiro premio no Concurso Internacional de Composición Iberoamericano para Banda, sendo o premiado máis novo na historia e con 16, obtén o primeiro premio en todas as categorías do Concurso de Composición Galego para Banda, repetindo o primeiro premio noutras dúas edicións, como o compositor máis novo en resultar premiado e gañar en todas as modalidades nunha mesma edición. Aos 17 anos, é convidado polo departamento de Historia da Música da USC para impartir unha conferencia sobre o proceso creativo e as técnicas de composición para o medio audiovisual. Foi proposto en dúas ocasións aos Hollywood Music in Media Awards nas categorías clásica e contemporánea e recibiu a medalla de prata nos Global Music Awards. A súa obra *Holograms, op. 20* (2016), comisionada e dedicada ao percusionista internacional Roberto Oliveira, estrease no Extravaganza Percussion Festival de Dublín. En 2017 estrea en Xapón *Living Toys*, encargada e dedicada á Izumo Symohonic Band -Enishi- e ao seu director Keiju Kuromatsu e tamén escribe *Resonant Isles, op. 23* como obra obrigada no XII Certamen Internacional de Bandas Vila da Sénia, sendo seleccionado como compositor residente no prestixioso Arts Iceland Institute. Desde 2016, publica o seu catálogo no seu propio selo editorial, Alcalde Music. Recibe encargos de festivais, institucións, ensembles e solistas nacionais e internacionais e as súas obras son interpretadas por todo o mundo.

Antón Alcalde presenta esta obra encargo da Real Filharmonía de Galicia así: “Partindo do pretexto programático no cal se enmarca o concerto, a astrofísica; e prestando especial atención á obra central do programa, *Os Planetas* de Gustav Holst (1914-16): ‘... *that pale blue dot*’ vén conformar sonicamente o movemento-planeta restante da citada suite, a Terra. Cabe sinalar que o proxecto orixinal de Holst carece tamén do movemento-planeta Plutón, engadido posteriormente polo compositor británico e especialista na obra de Holst, Collin Matthews (2000). A diferenza da obra de Matthews, ‘... *that pale blue dot*’ non garda relación temática coa orixinal de Holst, afastándose tanto estética como conceptualmente. O título ... *that pale blue dot*, op. 22 está extraído dunha reflexión do icónico astrónomo americano Carl Sagan e fai referencia a unha fotografía da Terra tomada pola sonda Voyager I (1990) a unha distancia de 6000 millóns de quilómetros. A obra pretende recorrer sonicamente toda esa distancia en apenas 3 minutos de duración mediante un proceso físico-harmónico serial. Movéndose constantemente entre dous polos gravitatorios (Mi, Fa) correspondentes aos sons que produce a Terra no seu movemento de translación ao redor do sol. Transcritos polo astrónomo e matemático alemán Johannes Kepler no seu tratado *Harmonices mundi* (1619). ‘Para min, recalca a nosa responsabilidade de tratarnos máis amable e compasivamente os uns aos outros, e de preservar e amar ese punto azul pálido, o único fogar que coñecemos.’ Carl Sagan, Universidade Cornell, 13 de outubro, 1994”.

Jacobo Gaspar Grandal (Mos, Pontevedra, 1975)

Titulado superior en Composición polo Conservatorio Superior de Música de Vigo, realizou estudos de posgrao en Composición no Conservatorio Superior de Música de Aragón con José Manuel López López e é doutor en Musicoloxía pola Universidade de Oviedo. Tamén é licenciado en Ciencias Económicas pola Universidade de Vigo. Recibiu importantes premios, como o primeiro premio Xavier Montsalvatge no XX Premio Jóvenes Compositores Fundación Autor - CDMC (Madrid), o primeiro premio na VI International Jurgenson Competition for Young Composers (Moscú), o Premio Especial e o do Público no Isang Yun International Composition Prize 2013 (Seúl), a mención de honra no Premio Valentino Bucchi-Parco della música (Roma), ou o segundo premio no 8º Concurso Internacional de Composición da Póvoa de Varzim (Portugal). Está interesado no son, a música e a relación entre ambas as categorías, é dicir, no uso artístico de toda a materia sonora. A miúdo, este interese pola totalidade do espazo sonoro dispoñible materialízase a través de modelos que son extraídos, mimética ou simbolicamente, do medio natural; non para destacar posibles significacións referenciais do son, senón como medio para introducirse en espazos sonoros que, debido á súa complexidade acústica, son de especial atractivo para o autor. Na actualidade é profesor de Composición no Conservatorio Superior de Música de Vigo.

Vía Láctea. Haiku espiral (2018) para orquestra.

“Pensar na inmensidade do espazo distáncianos de nós mesmos. O mesmo sucede cando lemos un pequeno poema, como pode ser un *haiku*, pois sentimos un abismo similar ao que nos invade cando reparamos nas dimensións do cosmos.

Paradoxalmente, a Vía Láctea, galaxia na que se atopa o noso planeta, podería ser algo así como un pequeno

haiku na inmensidade do universo. A nosa Galaxia, ademais, posúe unha forma espiral formada por catro brazos principais e un buraco negro no centro que, pola súa perfección, ben parecería irreal; igual que nos parece irreal a máxica perfección da natureza. Esta obra, que se podería definir como un pequeno haiku, propón unha viaxe ao centro da Vía Láctea delineado por un trazo en forma de espiral que reflicte tanto as zonas luminosas como as que se nos presentan escuras ou ocultas desde a nosa posición no espazo; pois non é visible toda a Galaxia desde a Terra. Este trazo desemboca nun buraco negro no que, a medida que nos aproximamos, o tempo transcorre cada vez máis lentamente. Un espazo propicio para a inmersión sonora e o sentimento oceánico.” Jacobo Gaspar Grandal, 2018.

AUDITORIO DE GALICIA

Avda. Burgo das Nacións s/n
15705 Santiago de Compostela

DESPACHO DE BILLETES

T 981 571 026 | T 981 573 979 (Auditorio)
T 981 542 349 (Teatro Principal)

OFICINAS

T 981 552 290 | T 981 574 152

www.rfgalicia.org

www.compostelacapitalcultural.gal



RealFilharmoniadeGalicia
CompostelaCultura



@rfgalicia
@Cultura



CONSORCIO DE
SANTIAGO



GOBIERNO
DE ESPAÑA



CONCELLO DE
SANTIAGO



XUNTA
DE GALICIA

PRÓXIMOS CONCERTOS

Sábado 21 de abril 12.00 h

Paul Daniel, director
J. Williams, *Suite de A guerra das Galaxias*
G. Holst, *Os Planetas* (arr. Paul Daniel)
Coa asistencia da Tropa Korriban Star
Wars Galicia



Xoves 26 de abril 20.30 h

Real Filharmonía de Galicia
Christoph König, director
Tasmin Little, violín

J. Brahms, *Variacións sobre un tema de Haydn op. 56 a*
W. A. Mozart, *Concerto para violín núm. 4 en Re maior, K 218*
L. v. Beethoven, *Sinfonía núm. 1 en Do maior op. 21*

19.45 h Convers@ndo con ... Christoph König



A cafetería permanecerá aberta ao remate do concerto.
Cómpre retirar os vehículos do garaxe trala fin do espectáculo.



AUDITORIO DE GALICIA



Deputación
DA CORUÑA